

CURSO: 3º ESO

MATERIA: CULTURA CLÁSICA

1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

A) Competencias

- 1.- COMPETENCIA DIXITAL
- 2.- APRENDER A APRENDER
- 3.- COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS
- 4.- SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR
- 5.- CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIAS

B) ESTÁNDARES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ESTÁNDARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<p>*Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilización grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica</p> <p>* Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións</p> <p>* Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente.</p> <p>*Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma nomeando e situando no tempo os fitos principais asociados a cada unha delas</p> <p>* Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</p> <p>* Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.</p> <p>*Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses</p> <p>*Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian</p> <p>* Enumera e explica as principais características da relixión grega.</p> <p>* Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</p> <p>*Explica os fundamentos da relixiosidade romana e distingue a relixión oficial das manifestacións do culto privado.</p>	<p>B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana</p> <p>B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.</p> <p>B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana</p> <p>B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.</p> <p>B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia</p> <p>B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina</p> <p>B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos.</p> <p>B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado</p>

<p>* Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas</p> <p>*Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos.</p> <p>* Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores</p> <p>* Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico</p> <p>* Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.</p> <p>*Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.</p> <p>* Coñece a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.</p> <p>*Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través</p> <p>* Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma</p> <p>* Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.</p> <p>*Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.</p> <p>* Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na</p>	<p>B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica</p> <p>B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana e da enxeñería romana, en relación cos edificios máis singulares.</p> <p>B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.</p> <p>B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da historia, identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.</p> <p>B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.</p> <p>B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.</p> <p>B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros</p> <p>B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e R</p> <p>B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade</p> <p>B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais</p>
---	---

<p>época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno</p> <p>*Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros</p> <p>* Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.</p> <p>*Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.</p> <p>* Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas</p> <p>*Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.</p> <p>* Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade.</p> <p>*Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.</p> <p>* Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura</p>	<p>B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.</p> <p>B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.</p> <p>B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas</p> <p>B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.</p> <p>B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.</p> <p>B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.</p> <p>B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.</p>

2.- Avaliación e cualificación

Avaliación:

Valorarase o esforzo, adicación, interese, regularidade e puntualidade.

Se o alumnado se esmerou e entregou todo o que se esixiu calificarase cun 1 punto (que correspondería a un 10) á 3ª avaliación. O punto sufrirá descontos caso de que o esforzo non fora regular ou o traballo non estea completo.

Cualificación Final:

A avaliación será resultado da media aritmética da 1ª e 2ª avaliacións ó que se engadirá a puntuación da 3ª avaliación. Esta obterase do traballo enviado polo alumnado no cal se terá en conta o esforzo, adicación, interese e regularidade.

O alumnado que non presentou traballos na 3ª avaliación como resultado de problemas para desenvolver os medios de comunicación telemática terá unha cualificación final da media da 1ª e 2ª avaliación

O alumnado que non presentou traballos na 3ª avaliación sen xustificación, o mesmo, por imposición, aínda que os membros do departamento non comparten esta resolución.

Alumnado coa materia pendente:

Non hai alumnos coa materia pendente.

Proba extraordinaria de setembro:

Criterios de Avaliación

Farase unha proba onde se introducirá materia procedente dos estándares das 1ª e 2ª avaliacións. Ademais deberán presentar os traballos correspondentes a 3ª avaliación.

Estes últimos engadiránse á puntuación obtida na proba.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Metodoloxía activa a través da construción da propia aprendizaxe (aprender a aprender mediante o material proporcionado pola profesora. Utilízase a plataforma Agueiro, e/ou correo electrónico e o teléfono móbil a través do wasap.

O noso departamento, tendo en conta a natureza da materia de Xeografía e Historia, acordou avanzar materia a través de actividades como exercicios ou fichas que deben completar utilizando diversos medios: power point, libro de texto, cuestionarios...

O alumnado ten a posibilidade de recuperar a 1ª e 2ª avaliacións cubrindo exercicios, fichas ou mapas correspondentes as primeiras avaliacións, e asimesmo deberán completar ó correspondente á terceira.

4.- Información e publicidade.

A información das actividades do departamento de Ciencias Sociais está exposta en Agueiro aínda que tamén utilizamos o correo electrónico e/ ou o teléfono móbil (grupo de wasap) para poñernos en contacto co alumnado e para que eles se así o desexan envíen traballos.

Comunicación coas familias por móbil Abalar.

Páxina web do centro

5.-Materiais e recursos:

Libro de texto como consulta, fichas de clase, exercicios e power point de elaboración propia.

Todo o alumnado dispón de conectividade.